

05

María Pilar García Negro,  
*Intenso e solidario feminismo.*  
*Estudos rosalianos*, introdución,  
escolma e edición de Carme  
Fernández Pérez-Sanjulián,  
A Coruña, Servizo de Publicacións  
da Universidade da Coruña, 2023,  
217 páxinas.

Marta Mariño Mexuto  
Universidade de Santiago de Compostela

Orcid 0000-0002-9962-2488. mmarinom@gmail.com. Universidade de Santiago de Compostela. España.

A extensa obra académica de M<sup>a</sup> Pilar García Negro abrangue ámbitos como a sociolingüística, a problemática das linguas non normalizadas, a literatura galega, o feminismo etc., ademais de centrar o seu interese en autores como Castelao, Carvalho Calero ou Blanco Amor. Porén, é case imposible falar de M<sup>a</sup> Pilar García Negro sen ter en conta os seus estudos sobre Rosalía, de que agora podemos desfrutar nunha escolma seleccionada pola profesora Carme Fernández Pérez-Sanjulián, responsable tamén da introdución e edición. A obra inclúe, igualmente, un epílogo da profesora estadounidense Kathleen March.

Esta antoloxía, editada polo Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, reúne quince textos rosalianos publicados entre 1980 e 1922. A achega en orde cronolóxica permite, en palabras da propia Carme Fernández Pérez-Sanjulián, “obter unha visión integral do seu discurso crítico en relación coa obra de Rosalía de Castro” (p. 17).

Un dos logros da profesora e académica lucense é a súa contribución ao cambio na percepción da figura e a obra rosalianas. A fama de Rosalía de Castro fixo, como é sabido, “que Rosalía fose convertida moi axiña en obxecto de veneración-redución-folklorización” (p. 43). Da imaxe de muller resignada e dócil, que non podía estar máis afastada da realidade, pásase á evidente ligazón co feminismo que sempre estivo presente nos escritos da autora de Padrón. Os primeiros artigos do volume datan dos anos 80: algúns deles constituían materiais para o público xeral promovidos por distintas agrupacións, sindicatos e institucións culturais, e distribuídos en formatos tan dispares como o folleto ou mesmo a unidade didáctica. O ton divulgativo non embaza as ideas principais, que xa están presentes: desbancar a imaxe tópica e terxiversada de Rosalía, que dominou case todo o século XX e subliñar o carácter feminista da súa obra e a súa conciencia lingüística, así como relacionala con outras mulleres escritoras de distintas épocas, especialmente con Virginia Woolf (“Rosalía de Castro: o valor dunha pioneira”), que tamén reivindicou un lugar, físico e metafórico, para que as mulleres puidesen desenvolver a actividade intelectual. Inclúense tamén artigos en castelán inseridos en publicacións de fóra de Galicia, para dar a coñecer a figura da escritora máis aló das vinculacións redutoras con exemplos españois, como a eterna comparación con Bécquer.

Os estereotipos que se lle atribuíron á escritora son extensibles ao pobo galego: “Rosalía ten sido [...] unha especie de ‘percha’ onde se pendurou todo canto mito falso e manso se fabricou sobre a própia Galiza e os galegos”, convertendo tanto a escritora como a terra “nunha realidade defunta, inexistente a efectos prácticos e concretos, converté-las a ambas en símbolos inofensivos, en iconos moi gabados en determinados planos da retórica compensatória, mais descargados de toda forza, de toda virtualidade real e ferinte” (p. 52). É sintomático dos prexuízos sobre Galicia que, precisamente a unha muller que trataba de refutalos, se lle atribúsen estes mesmos. Porén, a preocupación pola súa terra nunca diminuíu. Ambos os conceptos conflúen na figura rosaliana, aínda que García Negro non foi a primeira en establecer o feminismo da autora como elemento central da súa obra: a profesora lucense sinala a Francisco Rodríguez como o introdutor desta idea (cf. p. 92).

O primeiro artigo xa combate varios dos tópicos da crítica rosaliana, que a sepultaron “baixo a lousa da sentimentalidade enfermiza, da queixa, da resignación” (p. 35). Formúlase o problema de que a autora de *Cantares gallegos* (1863) é glorificada, mentres que a de *La hija del mar* (1857), *El caballero de las botas azules* (1867) e *Follas novas* (1880), non encaixa entre os escritores consagrados, e moito menos entre as escritoras que, naquel momento, facían o tipo de literatura que se esperaba delas en canto que mulleres. A ruptura consciente que a autora estaba a levar a cabo ilústrase con numerosos exemplos dos seus textos, onde non só critica a escasa liberdade das mulleres, concedida como se fose un favor, senón tamén a hipocrísia imperante nas clases máis altas da sociedade en torno a distintas cuestións, como a desigualdade social. Así, afirma a profesora García Negro que “[d]esde a periferia da sociedade, unha muller comete a ousadía [...] de pór en dúbida toda a perafernalia de valores burgueses, mesmo *soi disant* progresistas que constituían o carnet de identidade do intelectual do século XIX” (p. 43).

En varios destes artigos, saliéntanse obras de Rosalía tradicionalmente esquecidas ou pasadas por alto, especialmente hai varias décadas, como os seus textos en prosa tanto en castelán como en galego. Hai que ter en conta, por suposto, que estes últimos estaban condicionados pola falta de tradición prosística que arrastraba a nosa lingua. Un dos temas recorrentes na prosa rosaliana é a análise da propia actividade creadora en tanto que muller, que García Negro examina no artigo “Rosalía á luz de Mara”. Mara, a principal personaxe feminina da novela *Flavio* (1861), é escollida “como guía da personalidade da propia autora” (p. 69), posto que nela se manifesta o conflito entre a vocación literaria e a súa condición de muller. A reflexión sobre a escritura feminina está presente ao longo de toda a vida da autora, tanto en prólogos e escritos persoais como na propia ficción, o que proba que os pensamentos que expresa en “Lieders” ou en *La hija del mar* non son froito dunha exaltación xuvenil.

Precisamente unha das declaracións de intencións máis explícita dos firmes principios feministas de Rosalía quizais sexa o prólogo da súa primeira novela, *La hija del mar*, un texto escrito cando contaba con tan só 22 anos. García Negro analiza no artigo “Iusfeminismo de Rosalía de Castro como refundación de la *auctoritas*. Autor, autoría, autoridad” como Rosalía ten que xustificar, en tanto que muller, a autoría da novela, e faino maxistralmente cunha *captatio benevolentiae* en que recorre á autoridade de nomes de distintas épocas e ámbitos, como o padre Feixóo, Madame de Staël, Teresa de Jesús, Safo ou mesmo Catalina de Rusia.

A autora leva a cabo unha interesante exploración da “masculinización” de Rosalía (“De Rosalia de Castro ás escritoras actuais: seguimento e contradición”), que comezou xa en vida da escritora e á que contribuíu, entre moitos outros, o propio Manuel Murguía (aínda que partise da admiración) como forma de xustificar o seu talento excepcional, que era, polo tanto, impropio dunha muller. As súas palabras dan conta das estreitas marxes de actuación que cada xénero tiña na época: “Ella es mujer en sus sentimientos, hombre en la franqueza con que los expresa. ¿Por qué ha de cubrir con un velo de hipócrita silencio lo que puede decirse? ¿Acaso una mujer no puede amar y decirlo?” (p. 38).

Trátase, máis unha vez, dunha simplificación vencellada aos estereotipos de xénero que existían mesmo arredor de Galicia, unha terra asociada coa feminidade. “Rosalía é o que é non *malgré* a súa condición de muller, senón mesmamente por ser muller” (p. 93), xa que a súa feminidade, tantas veces vista como un defecto, resulta máis ben un “principio organizador” da súa produción literaria (cf. p. 119). Esta feminidade fixo que Rosalía fose asociada constantemente coa sensibilidade e a intuición, non co pensamento e a instrución, tanto polos seus contemporáneos, como Emilia Pardo Bazán, como pola crítica posterior (Xesús Alonso Montero, por citar un), afirmación que a profesora lucense desbanca con contundentes argumentos. Precisamente a ruptura de Rosalía cos estereotipos da literatura escrita por mulleres preparou o camiño para numerosas escritoras posteriores, que non deixan de mostrar e recoñecer a súa influencia, como se explora no artigo “De Rosalia de Castro ás escritoras actuais: seguimento e contradición”: mulleres como Luz Pozo Garza foi, como se sabe, unha das máis “rosaliófilas”, en palabras de García Negro, mais tamén María Xosé Queizán, María do Carme Kruckenberg, Marica Campo, Pilar Pallarés...

Unha cuestión que podemos crer afastada do estritamente literario, pero que tamén foi utilizada para manipular a imaxe de Rosalía tras a súa morte, é a das súas conviccións relixiosas que estaban, en realidade, lonxe da ortodoxia da doutrina católica. No artigo “O ceo desde a terra na obra de Rosalía de Castro” faise un percorrido polas súas crenzas expresadas en distintos poemas, e como foron branqueadas, terxiversando de forma groseira as súas palabras para facer a súa imaxe máis “católica”. Dentro deste ámbito explóranse tamén as súas opinións sobre o matrimonio, en termos moi pesimistas desde o seu punto de vista feminino. Non só aparecen as súas inquiredanzas con respecto á existencia de Deus nun mundo en que prolifera a inxustiza, senón a crítica á xerarquía eclesiástica e as propias inxustizas que esta leva a cabo. García Negro recorda que

a relixiosidade está presente na obra de Rosalía, mais sobre todo na súa faceta popular e relacionada co feminino, especialmente coa Virxe e outras santas, como no coñecido poema de *Cantares gallegos* que comeza “Miña santiña, / miña santasa”.

Un artigo sobre a escasa correspondencia persoal conservada da autora (“Un retrato de Rosalía de Castro a través de su correspondencia”) e outro sobre *Follas novas* (que é, de feito, a introdución a esa mesma obra, na edición da propia García Negro) conclúen o volume. A parte final deste último artigo serve á vez como colofón e recapitulación de todo o enunciado anteriormente:

Nun clima xeral (e secular) de ocultación da historia de Galiza, Rosalía de Castro non ía ser unha excepción. Máis ben, un exemplo agudo de canto e de que gravidade se expuña ou se cuestionaba no seu caudal de pensamento e de sentimento, no seu irrenunciábel patriotismo galego, na defensa e com-paixón do seu povo e co seu povo, no seu lúcido, intenso e solidario feminismo (p. 212).

O epílogo, asinado por Kathleen March, xoga coa idea de ser “estranxeira na súa patria”, expresión de Rosalía que Pilar García Negro utiliza para definir a escritora, e que March lle aplica á propia García Negro, lamentando que precisamente o seu compromiso coa lingua galega sexa un impedimento para unha maior difusión dos seus traballos. Desexamos, como a profesora estadounidense, que esta recompilación de artigos sirva para dar a coñecer o extenso e moi certo labor crítico de Pilar García Negro.



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

## Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,  
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística  
e Literaria Galega)

### Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)  
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

### Secretaría

Diego Rivadulla Costa, Universidade da Coruña (España)

### Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)  
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)  
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)  
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)  
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)  
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)  
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

### Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)  
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)  
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)  
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)  
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)  
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)  
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)  
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)  
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)  
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)  
Maria Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes  
e Alto Douro (Portugal)

### Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)  
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)  
Ángela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Universidade da Coruña (España)  
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)  
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)  
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)  
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)  
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)  
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)  
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)  
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)  
Mária Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)  
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)  
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)  
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)  
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)  
Marta Segarra, CNRS (Francia) / Universitat de Barcelona (España)  
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)  
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)  
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)  
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)  
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

### Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)  
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)  
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,  
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000  
ISSN/ 1576-2661  
ISSN-e 2444-9121  
Deseño/ Novagarda